

RECTIFICACIÓN RESPONSA CORRECTA DA PREGUNTA NÚM. 9

PROCESO SELECTIVO PARA PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE FUNCIONARIO INTERINO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ADMINISTRACIÓN XERAL, SUGBRUPO C2, NA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE CARÁCTER TEMPORAL E DE DURACIÓN DETERMINADA QUE NON RESPONDAN A NECESIDADES PERMANENTES DA ADMINISTRACIÓN.

FASE DE OPOSICIÓN: EXERCICIO TIPO TEST

INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO EXAME TIPO TEST

- 1.- O exame é de carácter obrigatorio e eliminatorio e consiste en responder por escrito un cuestionario tipo test de 40 preguntas.
- 2.- Cada pregunta tipo test ten tres respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta.
- 3.- Engádense 5 respostas adicionais de reserva que se deberán responder cos mesmos criterios que a parte principal do cuestionario. Estas preguntas só se valorarán no caso de que se anulen algunhas das 40 preguntas do cuestionario tipo test.
- 4.- Esta proba cualificarase polo Tribunal cualificador de 0 a 40 puntos, a razón de 1 punto por cada resposta correcta, tendo que acadar un mínimo de 20 puntos.
O aspirante que non acade 20 puntos será eliminado/a do proceso selectivo.
- 5.- Para a realización desta proba dispórase dun tempo máximo de 60 minutos.
- 6.- Sinalar a resposta correcta marcando a opción elixida con unha “X”. Poderá anulala marcando con un círculo enriba da letra correspondente á resposta que se queira anular e seleccionar de novo con unha “X” a resposta que se considere correcta. Considerarase como errónea aquelas preguntas que conteñan emendas ou tachaduras en máis dunha das opcións de resposta.
- 7.- Unha vez iniciado o exame ningún opositor poderá abandonar a sala ata transcorridos 15 minutos. No caso de facelo, anularase o exame e recolleráselle o cuestionario.
- 8.- Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que poida valerse o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.
- 9.- As persoas que precisen un certificado de asistencia poderán pedilo a calquera membro do tribunal e será expedido pola secretaria do mesmo.

EXAME TIPO TEST 40 PREGUNTAS

- 1.- Que artigos da Constitución Española forman a Sección 1ª “Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas”:
 - a) Do artigo 14 ao 29, ámbolos dous incluídos.
 - b) Do artigo 14 ao 30, ámbolos dous incluídos.
 - c) **Do artigo 15 ao 29, ámbolos dous incluídos.**

- 2.- Segundo o artigo 1.1 do título preliminar da Constitución Española:
 - a) España constitúese nun Estado social e democrático de dereito que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a igualdade e o pluralismo político.
 - b) **España constitúese nun Estado social e democrático de dereito que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.**
 - c) España constitúese nun Estado social e democrático de dereito que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a legalidade, a igualdade e o pluralismo político.

- 3.- Segundo o artigo 68 da Constitución Española o Congreso componse de:
 - a) Un mínimo de 400 e un máximo de 450 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.
 - b) **Un mínimo de 300 e un máximo de 400 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.**
 - c) Un mínimo de 400 e un máximo de 500 deputados, elixidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei.

- 4.- Que comisión é obrigatoria en todos os municipios:
 - a) A comisión de Goberno Local.
 - b) **A Comisión especial de contas.**
 - c) A comisión especial de suxerencias e reclamacións.

- 5.- É unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma atribuída polo Estatuto de Autonomía de Galicia:
 - a) Os portos, aeroportos e heliportos calificados de interese xeral polo Estado.
 - b) **Obras públicas que non teñan a calificación legal de interese xeral do Estado.**
 - c) Todas as respostas anteriores son correctas.

- 6.- Segundo o artigo 6.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada:
 - a) Máxima de 6 anos contados desde a data de inscrición.
 - b) Máxima de 10 anos contados desde a data de inscrición.
 - c) **Máxima de 5 anos contados desde a data de inscrición.**

- 7.- Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de:
 - a) Un mes.
 - b) Non hai prazo.
 - c) **Pode ser superior a 10 días cando as circunstancias do caso así o requiran.**

8.- Segundo o artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos casos en que proceda a comparecencia das persoas, a correspondente citación fará constar expresamente:

- a) O nome, lugar, data e hora.
- b) O lugar, data, hora, obxecto da comparecencia e expediente administrativo.
- c) **O lugar, data, hora, os efectos de non atendela, o obxecto da comparecencia e os medios dispoñibles.**

9.- En todo caso, os actos administrativos serán obxecto de publicación, surtindo ésta os efectos da notificación, nos seguintes casos:

- a) Cando o acto teña por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas ou cando a Administración estime que a notificación efectuada a un só interesado é suficiente para garantir a notificación a todos, sendo, neste último caso, adicional á individualmente realizada.
- b) **Cando se trate de actos integrantes de un procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva de calquera tipo.**
- c) As respostas a) e b) son correctas.

10.-A resolución que poña fin ao procedemento:

- a) **Decidirá todas as cuestións plantexadas polos interesados e cantas o expediente suscite, foran ou non promovidas por estes.**
- b) Decide soamente as cuestións plantexadas polos interesados, sen prexuízo de incoar un novo procedemento para aquelas cuestións que non foron promovidas por estes.
- c) Propona o instrutor de acordo ás instrucións e directrices emanadas polo órgano de incoación.

11.- De acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, cal das seguintes respostas é a correcta:

- a) Cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluindo os domingos e festivos.
- b) Cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son naturais, excluindo os domingos e festivos.
- c) **Cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son hábiles, excluindo os sábados, domingos e festivos.**

12.- De conformidade co disposto no artigo 30.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, son hábiles:

- a) As horas comprendidas entre as 8 da mañá e as 9 da noite do día.
- b) As horas comprendidas entre as 8 da mañá e as 9 da noite do día hábil.
- c) **Todas as horas do día que formen parte de un día hábil.**

13.- De acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administracións Públicas para la realización de calquera trámite de un procedemento administrativo:

- a) As persoas físicas
- b) **As persoas xurídicas**
- c) Ambas son correctas

14.- Segundo o artigo 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os recursos contra un acto administrativo que se funden unicamente na nulidade dalgunha disposición administrativa de carácter xeral poderán interpoñerse:

- a) Directamente ante o órgano superior xerárquico do que ditou a dita disposición.
- b) Directamente ante o órgano que ditou a dita disposición.**
- c) Indistintamente, ante o órgano superior ou ante o órgano que ditou a dita disposición.

15.- Segundo o artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións poderán practicar as notificacións por medios non electrónicos:

- a) Cando para asegurar a eficacia da actuación administrativa resulte necesario practicar a notificación por entrega directa dun empregado público da administración notificante.
- b) Cando a notificación se realizase con ocasión da comparecencia espontánea do interesado ou o seu representante nas oficinas de asistencia en materia de rexistro e solicite a comunicación ou notificación persoal nese momento.
- c) As dúas respostas son correctas.**

16.- Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberán ser motivados:

- a) Os acordos de suspensión de prazos.
- b) As propostas de resolución nos procedementos sancionadores.**
- c) Os actos que se diten no exercicio de potestades reguladas.

17.- Segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, aos sos efectos de entender cumprida a obriga de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, será suficiente a notificación que conteña, cando menos, o texto íntegro da resolución, así como:

- a) O recurso administrativo de que proceda.
- b) O intento de notificación debidamente acreditado.**
- c) A indicación de se pon ou non fin á vía administrativa.

18.- Segundo o artigo 50 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a conversión de actos viciados consiste en que:

- a) A Administración poderá converter os actos viciados, subsanando os vicios de que adolezan.
- b) Os actos nulos ou anulables que, sen embargo, conteñan os elementos constitutivos de outro distinto producirán os efectos de este.**
- c) O órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións dispoñerá a conversión de aqueles actos e trámites cuxo contido se mantivera igual de non haberse cometido a infracción.

19.- Segundo o artigo 9.6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando poderá ser revogable a delegación dunha competencia:

- a) O artigo 9.6 da Lei 40/2015 non fai mención á posibilidade de revogar unha delegación de competencia.
- b) Cando se esgote o período de concesión da delegación de competencia.
- c) En calquera momento polo órgano que a conferira.**

20.- Segundo o artigo 12.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é necesario publicar no diario oficial correspondente, a delegación de firma para que teña validez:

- a) Si
- b) Non**
- c) Depende do establecido na delegación.

21.- Segundo o artigo 17.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, quen pode dirixirse ao Secretario dun órgano colexiado para que lles sexa expedida certificación dos seus acordos:

- a) Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo.**
- b) Quen considere que teñen un interese lexítimo.
- c) As persoas físicas ou xurídicas que ostentan capacidade de obrar conforme as normas civís.

22.- De conformidade co disposto no artigo 3.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, as Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais e están de acordo cos principios de:

- a) Eficacia, xerarquía, boa fe e lealdade institucional, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito.
- b) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito.**
- c) Eficacia, descentralización, desconcentración, coordinación e avocación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito.

23.- Segundo a Lei 7/1985 reguladora de bases de réxime local, a Xunta de Goberno Local existe:

- a) En tódolos municipios de menos de 5.000 habitantes
- b) En tódolos municipios.
- c) En tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello**

24.- Cales son os servizos que conforme ao artigo 26.1 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local deben prestar todos os municipios:

- a) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas.**
- b) Os anteriores, excepto cemiterio.
- c) Os anteriores e ademais o de parque público.

25.-Segundo o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, as ordenanzas locais, aprobadas inicialmente polo Pleno, requiren información pública e audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións e suxerencias por un prazo:

- a) Mínimo de trinta días.**
- b) Máximo de vinte días.
- c) Mínimo de vinte días.



26.- O artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece como regra da organización municipal que:

- a) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos con poboación superior a 5.000 habitantes.
- b) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos con poboación inferior a 5.000 habitantes.
- c) **O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos.**

27.- Segundo o artigo 79 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o conxunto de bens, dereitos e accións que pertencen ás Entidades Locais constitúe o seu:

- a) Presuposto.
- b) Facenda.
- c) **Patrimonio.**

28. Segundo o artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, son dereitos e deberes dos veciños (sinala a incorrecta):

- a) Utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, e acceder aos aproveitamentos comunais, conforme ás normas aplicables.
- b) **Ser informado, previa petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 115 da Constitución.**
- c) Contribuír mediante as prestacións económicas e persoais legalmente previstas á realización das competencias municipais.

29.- Segundo o artigo 42 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os corpos e as escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia clasifícanse:

- a) Grupo A1, Grupo A2, Grupo B, Grupo C.
- b) **Grupo A, Grupo B, Grupo C.**
- c) Grupo A1, Grupo A2, Grupo B, Grupo C1, Grupo C2.

30.- Segundo o artigo 48 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por ser preciso atender o coidado de un familiar de primeiro grao, o funcionario terá dereito a solicitar unha redución de xornada de:

- a) **Ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo de un mes.**
- b) Ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade grave e polo prazo máximo de un mes.
- c) Ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo de tres meses.

31.- De acordo co artigo 9 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en todo caso, o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas corresponden:

- a) **Exclusivamente aos funcionarios públicos, nos termos que na lei de desenvolvemento de cada Administración Pública se estableza.**
- b) Exclusivamente aos funcionarios de carreira, nos termos que na lei de desenvolvemento de cada Administración Pública se estableza.
- c) Exclusivamente aos funcionarios públicos, nos termos que regulamentariamente se establezan.

32.- Segundo o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato serán exercidas por:

- a) O construtor.
- b) O proxectista.
- c) **O director facultativo.**

33.- De conformidade co art. 116.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, cal destes aspectos non é necesario xustificar no expediente?

- a) A elección do procedemento de licitación
- b) A clasificación que se esixa aos participantes
- c) **A decisión de dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.**

34.- Cal destas afirmacións non é correcta respecto dos contratos menores segundo o disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014?

- a) **Non é necesario a súa publicación**
- b) Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras
- c) Requirírase a aprobación do gasto e a incorporación ao expediente da factura correspondente.

35.- Con que coincide o orzamento municipal:

- a) Con semestres naturais
- b) **Co ano natural**
- c) Co mandato da corporación local

36.- Segundo o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o orzamento de unha entidade local, será formado por:

- a) O Pleno
- b) **O presidente**
- c) A Xunta de Goberno Local.



Concello de Laxe

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

37.- Segundo a Lei 13/2008 de Servizos sociais de Galicia, son funcións dos Servizos Sociais comunitarios básicos:

- a) A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde as necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social
- b) Identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social
- c) **Todas son correctas**

38.- Segundo recolle a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia no seu artigo 8, o sistema galego de Servizos Sociais estruturase conforme a que niveis de actuación:

- a) Servizos sociais comunitarios
- b) **Servizos sociais comunitarios e servizos Sociais especializados**
- c) Servizos sociais comunitarios e servizos Sociais específicos

39.- Segundo a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, a información, orientación e asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso os recursos Sociais é unha función:

- a) Dos Servizos Sociais comunitarios especializados
- b) **Dos Servizos Sociais comunitarios básicos**
- c) Do programa de prevención e inserción social

40.- Aos efectos da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, enténdese por servizos sociais:

- a) O conxunto coordinado de prestacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación galega.
- b) **O conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación galega.**
- c) O conxunto coordinado de prestacións, proxectos e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación.

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- Segundo o artigo 9.3 da Constitución Española, a Constitución garante:

- a) **O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a responsabilidade e a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.**
- b) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, a seguridade xurídica, a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social e a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.
- c) O principio de legalidade, a xerarquía normativa, a publicidade das normas, a irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais, as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas e a interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

2.- A Constitución, no seu artigo 53, prescribe que calquera cidadán poderá recabar a tutela dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas:

- a) **Ante os Tribunais ordinarios por un procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade.**
- b) No seu caso, a través do recurso de amparo ante o Tribunal Supremo.
- c) Todas as respostas anteriores son correctas.

3.-O artigo 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia di que o Presidente da Xunta será elixido:

- a) Polo Parlamento galego de entre os seus membros a proposta do Rei.
- b) **Polo Parlamento galego a proposta do seu Presidente, de entre os seus membros.**
- c) Polo Parlamento galego a proposta do seu Presidente, sen ser necesario que sexa membro.

4.- Segundo o artigo 149.1 da Constitución Española o Estado ten competencia exclusiva sobre a seguinte materia:

- a) **Lexislación mercantil, penal e penitenciaria.**
- b) Feiras interiores.
- c) Asistencia Social.

5. Segundo o artigo 6 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que as entidades locais serven con obxectividade os intereses públicos que lles están encomendados, e actúan de acordo cos principios de:

- d) Descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.
- e) **Eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.**
- f) Eficacia, descentralización e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.